

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 24 de maio de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a establecementos e servizos turísticos de xestión pública e/ou privada, nos procesos de certificación, seguimento e renovación das correspondentes normas UNE, co obxecto da obtención e/ou mantemento da marca Q de Calidade Turística do Instituto para a Calidade Turística Española (ICTE), e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TU970A).

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, ten por obxecto a planificación, ordenación, promoción e fomento do turismo na Comunidade Autónoma de Galicia, e establece entre os fins que persegue a promoción e o estímulo dun sector turístico galego competitivo, de calidade e accesible, así como o impulso á profesionalización do sector.

Constitúe o obxectivo fundamental desta resolución impulsar, promover e apoiar as iniciativas de calidade necesarias, para cumprir os exixentes estándares fixados polo Instituto para a Calidade Turística Española (en diante, ICTE) que considera o prestixio, a fiabilidade, a rigorosidade e a profesionalidade dos establecementos avaliados. Todo isto, para lles asegurar aos clientes a mellor experiencia turística posible.

A Axencia de Turismo de Galicia créase en virtude da autorización contida na disposición adicional cuarta da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, como unha axencia pública autonómica, que terá como finalidade impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Entre os obxectivos básicos da Axencia están o desenvolvemento do turismo na comunidade autónoma de acordo cos principios de calidade, accesibilidade e sustentabilidade; a potenciación do turismo como un factor de crecemento económico, a través da mellora da competitividade das empresas turísticas e a valorización dos recursos turísticos; o fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial; a mellora do posicionamento do turismo no panorama nacional e internacional e a diversificación da oferta turística de Galicia, coa consolidación dos produtos turísticos clave para competir no ámbito turístico nacional e internacional e a creación de novos produtos que posibiliten unha vantaxe competitiva e permitan desestacionalizar a demanda turística.



O acceso xeneralizado ao consumo turístico implica un cambio no comportamento dos viaxeiros e un crecente nivel de exigencia. Os destinos que abordan unha estratexia de calidade obteñen maiores índices de satisfacción do turista. A calidade dos establecementos e produtos turísticos convértese, así, no feito diferencial que lles proporciona unha vantaxe competitiva fronte a outros destinos con oferta similar.

Para lograr o éxito nas políticas de calidade é fundamental o compromiso e a implicación conxunta tanto da Administración competente na materia como do propio sector, sendo este o principal axente e beneficiario das ditas políticas de calidade.

A finalidade última da presente resolución é complementar o marco xeral do programa de axudas para a dinamización turística co fin de contribuír a configurar Galicia como un destino turístico multiexperiencial, equilibrado territorialmente, de reducida estacionalidade e de calidade, reforzando a súa competitividade, xa que as profundas transformacións que continuamente experimenta o mercado turístico obrigan aos destinos a levar a cabo a necesaria adaptación estrutural que lles permita continuar gozando da súa cota de mercado.

Deste xeito, a Axencia de Turismo de Galicia quere propiciar un marco favorable para a creación e o desenvolvemento de iniciativas turísticas de calidade, dado o peso do sector turístico no conxunto da economía da nosa comunidade autónoma que se reflicte no impulso das economías locais e na creación de emprego.

Estas subvencións financiaranse con cargo aos créditos orzamentarios da Axencia de Turismo de Galicia asignados para esta finalidade ao abeiro do establecido sobre medidas de fomento no artigo 94 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, en concordancia co sinalado no artigo 95 da dita lei e tendo en conta o determinado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de dita lei.

Polo exposto, e no exercicio das facultades que me foron conferidas,

RESOLVO:

1. Convocatoria e bases reguladoras.

Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases, que se inclúen como anexo I, polas que se rexerá a concesión das subvencións da Axencia de Turismo de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, a establecementos e servizos turísticos de xestión pública



e/ou privada nos procesos de certificación, seguimento e renovación das correspondentes normas UNE, co obxecto da obtención e/ou mantemento da marca Q de Calidade Turística do ICTE, e se convoca para o ano 2023 (código de procedemento TU970A).

O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva e quedará suxeito ao Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L352, do 24 de decembro).

2. Solicitudes.

1. Para poder ser persoa ou entidade beneficiaria das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta resolución, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 6 das bases reguladoras.

2. As solicitudes deberán presentarse na forma e no prazo establecidos no artigo 5 das bases reguladoras.

3. Prazo de duración do procedemento de concesión.

Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras.

O procedemento de concesión non poderá ter unha duración superior aos cinco meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

4. Información ás persoas interesadas.

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Axencia de Turismo de Galicia, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da Axencia de Turismo de Galicia: <http://www.turismo.gal/canle-profesional/promocion-do-sector/axudas-e-subvencions>

b) Páxina web <https://sede.xunta.gal/portada>, e introducindo no buscador o código de procedemento TU970A.

c) Os teléfonos 981 54 63 67 e 981 54 63 60 da devandita Axencia.



d) Enderezo electrónico: fomento.turismo@xunta.gal

5. Réxime de recursos.

A presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderán interpoñerse os seguintes recursos:

a) Recurso potestativo de reposición ante a Axencia de Turismo de Galicia, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

6. Base de datos nacional de subvencións.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2023

M^a Nava Castro Domínguez
Directora da Axencia de Turismo de Galicia

ANEXO I

Bases reguladoras específicas para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a establecementos e servizos turísticos de xestión pública e/ou privada para a obtención e/ou mantemento da marca Q de Calidade Turística segundo as normas do Instituto para a Calidade Turística Española (ICTE)

Artigo 1. *Obxecto e réxime das subvencións*

As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto a concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, da Axencia de Turismo de Galicia, para os procesos de certificación de normas UNE que conduzan á obtención ou ao seguimento e renovación da marca Q de Calidade Turística do ICTE e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento TU970A).



Artigo 2. Persoas beneficiarias**1. Poderán ser persoas beneficiarias destas subvencións:**

Categoría 1^a: os concellos e as súas entidades instrumentais que xestionen os servizos públicos de competencia local recollidos no artigo 85.2.A da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Categoría 2^a: as persoas físicas ou xurídicas privadas titulares de establecementos ou servizos turísticos.

2. As persoas solicitantes da categoría 2^a deberán reunir os requisitos establecidos nestas bases e ter inscrita a actividade turística para a que se solicita a axuda no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia (en diante, REAT), de conformidade cos artigos 50 e 51 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia.

Os datos que figuran no REAT relativos ao establecemento, á súa titularidade e a representación teñen que coincidir cos indicados pola persoa solicitante na solicitude de subvención. A persoa solicitante pode verificar a información que consta no REAT accedendo á web (extranet sectorial de Turismo) <https://trespazo.turismo.gal>

No caso contrario, deberase achegar coa solicitude a documentación acreditativa da titularidade e/ou representación.

3. No caso de empresas, deben estar comprendidas na definición de pequena e mediana empresa (peme). Defínese peme, segundo a Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas (DO L 124, do 20 de maio), en función dos seus efectivos e do seu volume de negocio e do seu balance anual.

Así, pequena empresa é aquela empresa que ocupa menos de 50 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 10 millóns de euros; mediana empresa é unha empresa que ocupa menos de 250 persoas e cuxo volume de negocios anual non excede os 50 millóns de euros ou cuxo balance anual non excede os 43 millóns de euros.

4. No caso de entidades baixo unha mesma franquía, so poderá solicitar a axuda para os custos de auditoría externa de certificación, seguimento e/ou renovación a entidade matriz. As axudas para os custos derivados dos dereitos de uso da marca Q deberán ser solicitados por cada unha das entidades (matriz e sucursais con distinto NIF) individualmente.



5. Unha vez recaída a resolución de concesión, os cambios na persoa titular do establecemento subvencionado terán que ser previamente comunicados á Administración outorgante, e darán lugar á modificación da resolución de concesión nos termos do disposto no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, subrogándose o novo titular na posición xurídica da persoa beneficiaria da subvención.

6. Non poderán obter a condición de beneficiarias aquelas persoas ou entidades nas cales concurra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estar as ditas persoas incursoas nas ditas prohibicións realizarase mediante declaración responsable da persoa ou entidade interesada, empregando o modelo que figura no anexo II.

7. Os requisitos para ser persoa ou entidade beneficiaria deberán cumprirse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Artigo 3. *Financiamento e concorrencia*

1. As subvencións relativas ao obxecto desta resolución financiaranse cun crédito total de 170.000,00 €, dos cales 10.000,00 € corresponderán á categoría 1ª (concellos), con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.0, proxecto 2015 00006; e 160.000,00 € corresponderán á categoría 2ª (entidades privadas), con cargo á aplicación 04.A2.761A.770.0, proxecto 2015 00005, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, sen prexuízo de ulteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, nos termos establecidos nos artigos 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 30 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que implicará a posibilidade de atender novas solicitudes, de acordo coa orde de prelación de solicitudes que resulte da aplicación dos criterios do artigo 14.

Se as solicitudes presentadas por categoría non esgotan o crédito previsto no parágrafo anterior, o crédito sobranante nunha categoría poderase destinar á outra categoría.

2. No caso de que o réxime de axudas estea suxeito ao Regulamento (UE) núm. 1407/2013 relativo ás axudas *de minimis*, ao tratarse de persoas físicas e xurídicas privadas, deberase garantir que no caso de recibir a persoa beneficiaria outras axudas baixo este réxime *de minimis*, non se supera o límite de 200.000,00 € nun período de tres exercicios fiscais. Este límite aplicarase independentemente da forma da axuda *de minimis* ou do obxectivo perseguido.



O período determinarase tomando como referencia os dous exercicios fiscais anteriores e o exercicio fiscal en curso, de acordo co establecido no artigo 2 do citado regulamento.

3. Estas axudas son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, pero o seu importe, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, segundo se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. De conformidade co previsto no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, unha vez esgotado o crédito dispoñible poderá ampliarse este cando o aumento veña derivado dalgunha das condicións previstas no dito artigo.

Artigo 4. *Gastos subvencionables*

1. Consideraranse actuacións subvencionables as dirixidas á mellora da calidade turística mediante procesos de primeira certificación, seguimento e/ou renovación da marca de Calidade Turística Q do ICTE, correspondentes ao ano 2023 e que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2023. Concretamente, serán subvencionables:

– Os custos de auditoría externa de certificación, seguimento e/ou renovación do sistema, facturados pola entidade auditora acreditada polo ICTE para a realización da auditoría de certificación, seguimento ou renovación correspondente ao ano 2023.

Tamén serán obxecto das axudas os gastos de auditoría externa derivados dos aprazamentos dos procesos de seguimento e/ou renovación correspondentes ao ano 2022, que se realicen no 2023, sempre e cando fosen aprobados polo ICTE e cuxa data de facturación se produza en 2023. As contías das axudas dos procesos de aprazamentos terán unha intensidade do 30 %.

Só se terán en conta as xustificacións de gasto con data da auditoría de certificación posterior, quedando excluídos os gastos xerados polo persoal dependente dos establecementos, así coma aqueles gastos nos que incorra a persoa ou entidade solicitante durante o proceso de implantación da correspondente norma UNE. Os importes obxecto de subvención serán os derivados, exclusivamente, dos custos de auditoría externa realizada no ano 2023.



– Os custos derivados dos dereitos de uso da marca Q no ano 2023, unha vez acadada a certificación, seguimento e/ou renovación do establecemento, facturados polo ICTE ao establecemento.

Serán obxecto destas axudas os custos de auditoría externa de certificación, seguimento e/ou renovación do sistema, así como as cotas dos dereitos de uso de marca S de Sustentabilidade Turística do ICTE do ano 2023 (referenciais UNE-ISO 21401:2019 ou ESP 33 AUD 21, segundo a tipoloxía da persoa ou entidade solicitante), para aquelas persoas ou entidades que contén previamente e/ou ao mesmo tempo coa certificación Q de Calidade Turística, baixo a norma de calidade específica para o sector que corresponda a entidade solicitante.

2. En ningún caso serán obxecto de subvención os gastos de xuros debedores en contas bancarias, os derivados de recargas e sancións administrativas e penais. Os tributos serán gasto subvencionable cando a persoa beneficiaria da subvención os aboe efectivamente. En ningún caso se van subvencionar os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

3. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do sector público para os contratos menores, a persoa beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á solicitude da subvención.

Cando a oferta elixida non recaia na proposta económica máis vantaxosa, presentarase tamén unha memoria xustificativa da elección realizada.

4. Poderá subcontratarse a actividade obxecto da subvención nun 100 %, de conformidade co previsto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 5. *Forma e lugar de presentación das solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo II) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas pre-



sentada a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, o órgano competente requirirá a persoa ou entidade interesada para que a emende no prazo máximo e improrrogable de 10 días, e indicarlle que, se así non o fixer, se lle terá por desistida da súa solicitude, logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación.

Se o último día de prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Artigo 6. *Documentación complementaria e declaracións responsables*

1. As persoas interesadas achegarán coa solicitude a seguinte documentación:

1.1. Categoría 1ª. Concellos.

1.1.1. Solicitude de adhesión e primeira certificación.

O concello que, por primeira vez, solicite a adhesión á Q de Calidade Turística para un ou máis recursos, bens ou servizos, deberá presentar a seguinte documentación segundo o modelo do anexo II:

a) Certificado do ICTE sobre a solicitude da adhesión do concello á marca Q.

b) Orzamento desagregado por conceptos das actuacións que se van realizar.

c) Orzamento ou factura da empresa auditora acreditada polo ICTE, referido aos custos de auditoría externa da marca correspondente ao presente ano. No caso de auditorías



multi-site, deberán reflectirse no orzamento ou na factura os diferentes recursos, bens ou servizos que sexan obxecto dos traballos da auditoría externa, especificando o nome e o enderezo de cada un deles. No caso de certificación da marca S de Sustentabilidade Turística, deberá indicarse o orzamento correspondente da auditoría externa dedicado a esta marca.

d) Orzamento, factura *pro forma* ou factura emitida polo ICTE correspondente á cota de uso de marca anual do ano en curso. No caso de certificación da marca S de Sustentabilidade Turística, deberá diferenciarse o orzamento correspondente do uso desta marca.

1.1.2. Solicitude de seguimento e/ou renovación de marca.

O concello que solicite esta subvención para o seguimento e/ou renovación da marca para un recurso, ben ou servizo, deberá presentar a seguinte documentación:

a) Certificado da marca Q de calidade turística do ICTE para o recurso, ben ou servizo en vigor.

b) Orzamento desagregado por conceptos das actuacións que se van realizar.

c) Orzamento ou factura da empresa auditora acreditada polo ICTE, referido aos custos de auditoría externa da marca correspondente ao presente ano. No caso de auditorías *multi-site*, deberán reflectirse no orzamento ou na factura os diferentes recursos, bens ou servizos que sexan obxecto dos traballos da auditoría externa, especificando o nome e o enderezo de cada un deles. No caso de certificación da marca S de Sustentabilidade Turística, deberá indicarse o orzamento correspondente da auditoría externa dedicado a esta marca.

d) Orzamento, factura *pro forma* ou factura emitida polo ICTE correspondente á cota de uso de marca anual do ano en curso. No caso de certificación da marca S de Sustentabilidade Turística, deberá diferenciarse o orzamento correspondente do uso desta marca.

1.1.3. Documentación que debe presentar o concello solicitante nos procesos de adhesión, seguimento e/ou renovación:

Certificación do/da secretario/a da entidade local en que consten os seguintes aspectos:

– Acordo de solicitar a subvención, e de financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista



segundo a documentación achegada coa solicitude. Este acordo deberá adoptarse antes do vencemento do prazo de presentación das solicitudes.

– Que a entidade local cumpriu co seu deber de remisión das contas xerais ao Consello de Contas correspondente ao último exercicio.

Os acordos deberán estar adoptados e as contas remitidas antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes.

1.2. Categoría 2ª. Persoas físicas ou xurídicas privadas titulares de establecementos ou servizos turísticos.

1.2.1. Solicitude de adhesión e primeira certificación.

A persoa solicitante que, por primeira vez, accede á adhesión á Q de Calidade Turística para un establecemento ou servizo turístico, deberá presentar a seguinte documentación:

a) Certificado do ICTE sobre a solicitude da adhesión do establecemento ou servizo á marca Q.

b) Orzamento desagregado por conceptos das actuacións que se van realizar.

c) Orzamento ou factura da empresa auditora acreditada polo ICTE, referido aos custos de auditoría externa da marca correspondente ao presente ano. No caso de auditorías *multi-site*, deberán reflectirse no orzamento ou na factura os diferentes establecementos ou servizos que sexan obxecto dos traballos da auditoría externa, especificando o nome comercial e o enderezo de cada un deles. No caso de certificación da marca S de Sustentabilidade Turística, deberá indicarse o orzamento correspondente da auditoría externa dedicado a esta marca.

d) Orzamento, factura *pro forma* ou factura emitida polo ICTE correspondente á cota de uso de marca anual do ano en curso. No caso de certificación da marca S de Sustentabilidade Turística, deberá diferenciarse o orzamento correspondente do uso desta marca.

1.2.2. Solicitude de seguimento e/ou renovación de marca.

A persoa que solicite esta subvención para o seguimento e/ou renovación da marca Q de Calidade Turística para un establecemento ou servizo turístico, deberá presentar a seguinte documentación:

a) Certificado da marca Q de calidade turística do ICTE para o establecemento ou servizo en vigor.



b) Orzamento desagregado por conceptos das actuacións que se van realizar.

c) Orzamento ou factura da empresa auditora acreditada polo ICTE, referido aos custos de auditoría externa da marca correspondente ao presente ano. No caso de auditorías *multi-site*, deberán reflectirse no orzamento ou na factura os diferentes establecementos ou servizos que sexan obxecto dos traballos da auditoría externa, especificando o nome comercial e o enderezo de cada un deles. No caso de certificación da marca S de Sustentabilidade Turística, deberá indicarse o orzamento correspondente da auditoría externa dedicado a esta marca.

d) Orzamento, factura *pro forma* ou factura emitida polo ICTE correspondente á cota de uso de marca anual do ano en curso. No caso de certificación da marca S de Sustentabilidade Turística, deberá diferenciarse o orzamento correspondente do uso desta marca.

e) No caso de solicitudes de axudas referidas a procesos de auditoría externa de seguimento ou renovación da marca Q correspondentes a aprazamentos de procesos de mantemento da marca do ano 2022, orzamento ou factura da empresa auditora acreditada polo ICTE, referido aos custos de auditoría externa da marca realizada ao presente ano. No caso de auditorías *multi-site*, deberá reflectirse no orzamento o número de oficinas (central e sucursais) que sexan obxecto dos traballos da auditoría externa, especificando o nome comercial e o enderezo de cada unha delas.

2. Documentación acreditativa dos criterios de valoración.

As persoas ou entidades solicitantes poderán acreditar os criterios de valoración contidos nos puntos 4, 5, 6 e 7 do artigo 14 destas bases, achegando a seguinte documentación:

a) No caso de establecementos, recursos ou servizos turísticos distinguidos coa marca Compromiso de Calidade Turística, documento acreditativo do distintivo de compromiso de calidade turística de boas prácticas en vigor concedido por un destino SICTED (Sistema Integral de Calidade Turística Española en Destinos) na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) De ser o caso, documentos acreditativos relativos ás certificacións e/ou distintivos de calidade, calidade ambiental e/ou accesibilidade e/ou sustentabilidade e/ou *safe tourism* en vigor do establecemento, recurso, ben ou servizo.

c) De ser o caso, documento asinado e selado pola persoa ou entidade solicitante en que se acredite o uso das novas tecnoloxías (TIC), indicando o enderezo URL da súa



páxina web, e/ou URL das redes sociais en que participa, e/ou localización na súa web do espazo destinado a reservas e/ou compra en liña de servizos a través da web e/ou APP do establecemento para sistemas operativos IOS, Android, Windows Phone, Blackberry e/ou outros.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar, de maneira motivada, o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

4. As persoas solicitantes farán constar no modelo de declaración que se incorpora no anexo II:

a) Se, en relación con outras subvencións, axudas, recursos ou ingresos concedidos ou solicitados, se solicitou, ou non, ou se recibiu, ou non, algunha outra subvención, axuda, recurso ou ingreso para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención.

b) Se se solicitou, ou non, ou se recibiu, ou non, algunha axuda *de minimis*.

c) Que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se achegan son certos.



d) Que se compromete a cumprir a normativa estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións.

e) Que se compromete a cumprir coas obrigas e requisitos que se sinalan no artigo 21 das bases reguladoras.

f) Que a empresa solicitante cumpre cos criterios de definición de peme, segundo a definición establecida pola Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas (DO L124, do 20 de maio) encadrándose nalgunha das seguintes categorías:

– Microempresa: empresa que ocupa menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 2 millóns de euros.

– Pequena empresa: empresa que ocupa menos de 50 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 10 millóns de euros.

– Mediana empresa: empresa que ocupa menos de 250 persoas e cuxo volume de negocios anual non exceda de 50 millóns de euros ou cuxo balance xeral anual non supera os 43 millóns de euros.

g) O conxunto de todas as axudas concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro desta resolución, polas distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou privados.

Artigo 7. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 8. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

– DNI/NIE da persoa solicitante.

– DNI/NIE da persoa representante.



- NIF da entidade solicitante.
- NIF da entidade representante.
- Certificado de estar ao día no pagamento nas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Consulta de concesións de subvencións e axudas.
- Consulta de inhabilitacións de subvencións e axudas.
- Consulta de concesións pola regra *de minimis*.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indícalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos pertinentes.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 9. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.



Artigo 10. Órganos competentes

A Xerencia de Turismo de Galicia será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención, correspondéndolle á persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia ditar a resolución de concesión.

Artigo 11. Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Artigo 12. Instrución do procedemento

1. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, o órgano competente requirirá á persoa interesada para que a emende no prazo máximo e improrrogable de 10 días, e indicarlle que se non o fixer se lle terá por desistida da súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. A área provincial correspondente da Axencia de Turismo de Galicia achegará un informe que deberá indicar:

– O cumprimento por parte do establecemento da normativa turística vixente e a existencia ou non dalgún expediente sancionador cuxa resolución sexa firme e comporte a perda de obter subvencións.

— Titularidade do establecemento.

– Período de funcionamento do establecemento.

– Data de inicio de actividade do establecemento turístico recollido ao abeiro do capítulo III Réxime para o exercicio de actividades e a prestación de servizos turísticos da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia. Para estes efectos, tomarase a data de inscrición no REAT.

3. Así mesmo, a Área de Calidade e Proxectos Europeos achegará un informe no referido ás acreditacións e certificacións de calidade presentadas relacionadas cos aspectos susceptibles de valoración previstos nos apartados 1, 4, 5, 6 e 7 do artigo 14. Se é o caso, o informe recollerá tamén o uso das TIC que se acredite, indicando se o establecemento ten páxina web propia, o uso de redes sociais (Facebook, Twitter, Instagram...), a compra e/ou reserva en liña de servizos desde a web propia do establecemento, e a dispoñibilidade de APPS do establecemento para sistemas operativos IOS, Android, Windows Phone ou outros. E se o establecemento/servizo turístico se atopa nun municipio que goza ou gozou dun Plan de dinamización, excelencia, de produto turístico, competitividade, sustentabilidade turística e/ou SICTED en Galicia, así como se o establecemento/servizo turístico está localizado nun municipio declarado de interese turístico pola Administración turística.

4. Unha vez revisadas as solicitudes e feitas as emendas, e emitidos os informes preceptivos polas áreas provinciais e pola Área de Calidade e Proxectos Europeos indicados



anteriormente, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.

5. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

Artigo 13. *Comisión de Valoración*

1. A Comisión de Valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións ás persoas interesadas.

2. A composición da Comisión de Valoración será a seguinte:

a) A persoa responsable da Dirección de Competitividade da Axencia de Turismo de Galicia, que a presidirá.

b) As persoas responsables das áreas provinciais.

c) A persoa responsable da Área de Fomento e Desenvolvemento Empresarial, que actuará como secretario/a.

d) Unha persoa representante da Xerencia da Axencia de Turismo de Galicia.

e) Unha persoa representante da Dirección de Competitividade.

3. Os membros e, de ser o caso, as persoas suplentes serán designados/as pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia.

4. No informe que formule a comisión figurarán, de xeito individualizado, as persoas solicitantes propostas para obter a subvención, especificándose a avaliación que lles corresponde, segundo os criterios recollidos no artigo seguinte e indicando o importe da concesión que se propón para cada unha delas.

5. No caso de existiren solicitudes que non figuran na proposta anterior por razón do baremo aplicado ao terse esgotado o crédito dispoñible, a comisión poderá emitir propos-



tas sucesivas, ben por dispor de crédito por producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente propostos ou ben por incremento do orzamento inicialmente destinado a esta subvención.

Artigo 14. *Criterios de valoración*

Os criterios de valoración que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión da subvención serán os seguintes, tendo cada un daqueles o peso que se especifica:

1. Atendendo á localización do establecemento/servizo turístico: ata 10 puntos.

– Situación nun municipio que goza ou gozou dun plan de dinamización, excelencia, de produto turístico, competitividade, sustentabilidade turística e/ou SICTED en Galicia: 5 puntos.

– Que o establecemento/servizo turístico estea localizado nun municipio declarado de interese turístico pola Administración turística: 5 puntos.

2. Período de funcionamento do establecemento: 12 puntos (1 punto por cada mes de funcionamento).

No caso das praias, valorarase o tempo co que conta a praia co servizo de salvamento ao longo do ano.

No caso doutros recursos naturais, espazos senlleiros e rutas turísticas, outorgaranse 12 puntos.

3. Tempo de actividade turística do recurso ou establecemento: ata 10 puntos.

– Ano de apertura do 2022 ao 2002: 2 puntos.

– Ano de apertura do 2001 ao 1981: 6 puntos.

– Apertura anterior a 1981: 10 puntos.

No caso das praias e recursos naturais e espazos senlleiros, valorarase coa puntuación máxima neste punto (10 puntos).



4. Uso das TIC polo establecemento: ata 10 puntos.
- Dispoñibilidade de páxina web propia do establecemento/servizo turístico: 3 puntos.
 - Uso de redes sociais (Facebook, Twitter, Instagram...): 3 puntos.
 - Compra e/ou reserva de servizos en liña desde a web do establecemento/servizo turístico: 3 puntos.
 - Dispoñibilidade de APP propias para smartphones e/ou tablets: 1 punto.
5. Que o establecemento/servizo turístico solicitante acredite o seu compromiso coa xestión da calidade, seguridade e sustentabilidade: ata 48 puntos.
- Por cada ano que o establecemento/servizo turístico acredite a súa certificación coa marca Q, dous puntos por ano ata un máximo de 30 puntos.
 - Acreditando o distintivo Galicia Calidade: 6 puntos.
 - Acreditando o distintivo de boas prácticas de compromiso de calidade turística concedido por un destino SICTED na Comunidade Autónoma de Galicia: 4 puntos.
 - Acreditando unha certificación *Safe Tourism Certified* do ICTE: 2 puntos.
 - Acreditando unha certificación S de Sustentabilidade Turística do ICTE: 2 puntos.
 - Acreditando unha certificación de calidade conforme a norma internacional ISO 9001: 2 puntos.
 - Acreditando unha certificación EFQM (*European Foundation for Quality Management*): 2 puntos.
6. Que o establecemento acredite unha certificación ambiental internacionalmente recoñecida: ata 8 puntos.
- Acreditando unha certificación de calidade conforme a norma internacional ISO 14001: 3 puntos.
 - Acreditando o distintivo Bandeira Azul (*Blue Flag*): 2 puntos.
 - Acreditando o recoñecemento EMAS (*Eco-Management and Audit Scheme*): 1 punto.



– Acreditando a concesión de Chave Verde (*Green Key*) da Unión Europea (Adeac): 1 punto.

– Acreditando outras certificacións ambientais emitidas por organismos oficiais galegos, españois e/ou internacionais acreditados por ENAC: 1 punto.

7. Que o establecemento solicitante acredite o seu compromiso coa xestión da accesibilidade: 2 puntos.

– Acreditando unha certificación de calidade conforme a norma internacional ISO 17001: 1 punto.

– Acreditando una certificación de boas prácticas de accesibilidade, emitida por organismos oficiais galegos, españois e/ou internacionais: 1 punto.

Artigo 15. *Porcentaxe subvencionable e importe máximo subvencionable*

1. A porcentaxe máxima de axuda sobre o investimento subvencionable calcularase con base na puntuación que alcancen os proxectos presentados, segundo se detalla a seguir:

Puntuación	% Axuda
51-100 puntos	70 %
31-50 puntos	65 %
0-30 puntos	60 %

2. Para o caso dos custos de auditoría externa derivados dos aprazamentos dos procesos de seguimento e/ou renovación correspondentes ao no 2022, a contía da axuda terá unha intensidade do 30 %.

3. En calquera caso, as subvencións concedidas non poderán superar os seguintes límites máximos:

– 2.000,00 euros para os procesos de 1ª certificación e/ou renovación da marca Q e de 1.000,00 euros para procesos de seguimento.

– Para as solicitudes cuxa auditoría externa se realice mediante a modalidade *multi-site*, o importe subvencionado por este concepto será dun máximo de 3.000,00 euros para procesos de 1ª certificación e/ou renovación da marca Q e de 2.000,00 euros para procesos de seguimento.



Artigo 16. Audiencia

1. Efectuada a valoración, a comisión fará un informe en que se concretará o seu resultado, á vista do cal o órgano instrutor elaborará unha proposta de resolución provisional debidamente motivada que deberá serlle notificada ás persoas interesadas para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións de acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior, cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas pola persoa interesada. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.

Artigo 17. Resolución e notificación

1. O órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva e elevaraa á persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia.

2. A persoa titular da Axencia de Turismo de Galicia, á vista da proposta de resolución, ditará no prazo de 15 días desde a súa elevación a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e na cal, en todo caso, quedarán debidamente xustificadas todos os aspectos contidos no artigo 34.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

3. O prazo máximo para resolver e notificarlle a resolución á persoa interesada será de cinco meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorre o prazo máximo para resolver sen que recaia resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas da desestimación.

5. En todo caso, a axuda total *de minimis* concedida a unha empresa determinada, en virtude da aplicación do artigo 3.2 do Regulamento (UE) nº 1407/2013 non pode ser superior a 200.000,00 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais. Este límite



máximo aplícase a todo o conxunto de axudas recibidas en concepto *de minimis* pola empresa, independentemente da forma en que se outorguen ou do obxectivo perseguido.

Artigo 18. *Réxime de recursos*

As resolucións ditadas ao abeiro desta convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a Axencia de Turismo de Galicia. O prazo para interpor o recurso de reposición será dun mes, se o acto for expreso ou desde o día seguinte a aquel en que se producise o acto presunto. Transcorrido o dito prazo, unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, de ser o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non for expreso, a persoa solicitante e outras posibles persoas interesadas poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 19. *Modificación da resolución*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, de conformidade cos requisitos establecidos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O acto polo que se acorde ou denegue a modificación da resolución será ditado pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia, logo da instrución do correspondente expediente en que se lle dará audiencia á persoa interesada.

3. Cando a persoa beneficiaria da subvención poña de manifesto na xustificación que se produciron alteracións das condicións tidas en conta para a concesión desta que non alteren esencialmente a natureza ou os obxectivos da subvención, e que puidesen dar lugar



á modificación da resolución conforme o establecido no artigo 14.1 m) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, téndose omitido o trámite de autorización administrativa previa para a súa aprobación, o órgano outorgante da subvención poderá aceptar a xustificación presentada, sempre e cando tal aceptación non supoña danar dereitos de terceiros.

Esta aceptación por parte do órgano outorgante non exime a persoa beneficiaria das sancións que poidan corresponderlle conforme a citada lei.

Artigo 20. *Renuncia*

A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que se inclúe como anexo III, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, a persoa titular da Axencia ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21 da citada lei.

Artigo 21. *Obrigas das persoas beneficiarias*

